

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A
UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE CURSOS DE ESPAÑOL
PARA A PREPARACIÓN DO DELE DO NIVEL A2**

Expediente: 2024007896



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE CURSOS DE ESPAÑOL PARA A PREPARACIÓN DO DELE DO NIVEL A2

Pontevedra, na data da última sinatura dixital

REÚNENSE

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da institución provincial, entidade con CIF P-36 000 00-H, de conformidade coas competencias establecidas no artigo 34.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e no artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Da outra, Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo, en diante UVigo, con CIF Q-86 500 02-B, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, de 9 de xuño de 2022, publicado no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) núm. 117, de 20 de xuño de 2022, de acordo coas competencias que lle outorgan o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 29 dos Estatutos da UVigo, aprobados polo Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, e publicados no DOG núm. 38, de 22 de febreiro de 2019.

Actúa como fedatario público deste convenio Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións do sector público, das administracións, das corporacións de dereito público e, en xeral, de calquera entidade pública. Tendo en conta o anterior,

EXPOÑEN QUE

- I. A Deputación de Pontevedra é unha Administración pública, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins propios e específicos, de acordo co disposto no artigo 5 da LRBRL e no artigo 101 da LALG.



- II. A UVigo é unha institución de dereito público, ao servizo da sociedade, que goza de autonomía e está dotada de personalidade e capacidade xurídica e de patrimonio propio. No marco das súas competencias, correspóndelle a prestación do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia, o estudo, a transferencia do coñecemento á sociedade e a extensión universitaria.
- III. De acordo co establecido no artigo 2 dos Estatutos da UVigo, entre os seus fins están transmitir os valores superiores de convivencia e igualdade, apoiar permanentemente as necesidades especiais das persoas, fomentar o diálogo, a paz e o respecto á diversidade, e proxectar nos ámbitos nacional e internacional a súa actividade establecendo relacións con outras universidades e institucións.
- IV. A UVigo préstalles especial atención á formación e á acreditación en linguas tanto da comunidade universitaria coma da súa contorna próxima, a través da colaboración neste ámbito con distintas entidades con obxectivos centrados na formación de idiomas e na estandarización de probas de acreditación. Entre estas colaboracións está a establecida co Instituto Cervantes para realizar e administrar a proba de acreditación do Diploma de Español como Lingua Estranxeira (DELE) en todos os seus niveis.
- V. No artigo 36.1 d) da LRBR atribúeselles ás deputacións a competencia da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Ademais, no artigo 109 da LALG encoméndaselles, en xeral, o fomento e a administración dos intereses particulares da provincia.
- VI. No artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan lograr os obxectivos marcados nesta lei.

Así mesmo, no seu artigo 63 establécese que as deputacións provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, lles proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas



competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos de menos de 20.000 habitantes.

- VII. Ambas as partes consideran de interese común fomentar a cooperación e a colaboración para impartir os Cursos de Español, promovidos pola Deputación de Pontevedra, para a Preparación do DELE nivel A2 do Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER), expedido polo Instituto Cervantes. Así o amosan os datos das últimas sete edicións, nas que se formaron 384 persoas inmigrantes, cunha porcentaxe de aprobados que superou o 90 %.
- VIII. Os convenios constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común, tal como se establece no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), no artigo 57 da LRBRL e no artigo 199 da LALG.
- IX. De acordo cos motivos expostos, é desexo de ambas as partes asinar este convenio, no que se establecen o marco xeral e as bases de colaboración, e se fixan as obrigas materiais e económicas concretas de cada unha, polo que manifestan a vontade común de subscribilo de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

1.1. O obxecto deste convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a UVigo para a realización dos Cursos de Español para a Preparación do DELE do nivel A2 do MCER, expedido polo Instituto Cervantes e dirixidos a persoas inmigrantes.

1.2. A UVigo poderá darlles cumprimento ás obrigas contraídas coa Deputación de Pontevedra en virtude deste convenio, ben directamente ou a través dos seus medios propios, xa sexa en todo ou en parte.

1.3. Impartiranse tres (3) edicións anuais de ata sesenta (60) prazas, cun máximo de vinte (20) alumnas e alumnos por aula.

1.4. Os lugares e as datas publicaranse anualmente no BOPPO que recollerá as bases reguladoras dos Cursos de Español para a Preparación do DELE do nivel A2 correspondentes a cada edición.

1.5. Tras finalizar estas edicións, o alumnado dos cursos presentarse ao exame do DELE do nivel A2 que leva a cabo o Instituto Cervantes en Vigo.

Segunda. Finalidade e contidos dos cursos

2.1 Estes cursos teñen como finalidade preparar de maneira práctica as probas do exame para obter a certificación do nivel A2 de español do Instituto Cervantes (DELE A2).

Levaranse a cabo mediante prácticas e simulacros de exame e o desenvolvemento de habilidades e estratexias para aproveitar ao máximo os coñecementos e o tempo durante a proba.

2.2 As persoas candidatas aos cursos deberán ser capaces de comprender frases ou expresións de uso frecuente relacionadas con áreas de experiencia que lles sexan especialmente relevantes en termos simples, aspectos do seu pasado, da súa contorna e imprescindibles para satisfacer cuestións relacionadas coas súas necesidades inmediatas (información básica sobre a propia persoa e a súa familia, lugares de interese, ocupacións etc.) para interactuar entre elas de forma sinxela e directa sobre aspectos coñecidos ou habituais.

2.3. O contido está orientado á familiarización coa estrutura do exame DELE A2 (proba, tarefas, criterios de cualificación etc.) e ao desenvolvemento de estratexias para superalo.

- **Proba de comprensión lectora:** actividades para practicar a proba, con textos de exames similares aos reais (instrucións, carteis, correos electrónicos, artigos etc.)
- **Proba de comprensión auditiva:** actividades para preparar e practicar esta parte do exame con mostras de audios similares aos das propias probas (avisos,



instrucións, material publicitario, anuncios radiofónicos ou conversas breves, entre outras)

- **Proba de expresión e interacción escrita:** actividades con estratexias para escribir de maneira axeitada os diferentes tipos de texto (impresos, solicitudes, cartas, invitacións ou correos electrónicos, entre outros)

- **Proba de expresión e interacción oral:** actividades con mostras similares ás da propia proba oral. Usaranse vídeos que permitan coñecer o ambiente no que se desenvolven estas tarefas e familiarizarse co material do exame

2.4. A docencia suporá un total de cento vinte (120) horas presenciais e doce (12) horas de titorías, que se desenvolverán de forma presencial.

Terceira. Obrigas da UVigo

1. Asumir individualmente a impartición da docencia de todas as edicións e achegar o persoal docente para o seu correcto desenvolvemento, así como levar a cabo as xestións necesarias para matricular o alumnado na realización das probas (apartado 5 da cláusula primeira).

2. Colaborar na difusión destes cursos.

3. Xustificar anualmente as actuacións executadas perante o órgano provincial no prazo máximo de tres (3) meses desde a finalización das actividades mediante as correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado.

Para a correcta xustificación deberase achegar, xunto co anterior, a seguinte documentación:

- Memoria debidamente asinada da actividade que se realizou e dos resultados obtidos

- Conta xustificativa coa relación dos gastos da actuación realizada

- Declaración responsable de que os gastos e os ingresos que figuran na conta xustificativa se destinaron á actividade obxecto do convenio

- Declaración responsable de que os ingresos, as axudas e as subvencións obtidas (consonte a cláusula quinta), se as houberse, non superan o custo da actuación
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para comprobar a correcta execución do obxecto do convenio

4. A UVigo debe utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que se poidan acreditar mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que queden identificados os suxeitos que interveñen na operación, o importe e a data de pagamento (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.).

Así mesmo, o pagamento de todas as facturas que figuren na conta xustificativa deberá efectuarse no prazo máximo dun (1) mes desde a percepción dos fondos e preferentemente a través de entidades financeiras.

5. A institución provincial poderá realizar as inspeccións e as comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar que se cumpren as normas e o obxecto do convenio de colaboración.

En todo caso, as facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto e o resto da documentación xustificativa serán verificados polos servizos técnicos e fiscalizados por Intervención antes de aprobarse.

6. A UVigo quedará obrigada a prestar a colaboración e a facilitar canta documentación se lle requira no exercicio das funcións de control que lles corresponden a Intervención, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, e someterase ás actuacións de supervisión e control previstas na normativa aplicable.

Cuarta. Obrigas da Deputación de Pontevedra

1. Proporcionar as aulas onde se desenvolverán as actividades formativas.

2. Financiar a actividade obxecto deste convenio coa cantidade anual fixada polas partes, en concepto de colaboración coa execución das actuacións previstas neste convenio. A cantidade para este exercicio ascende a dezaseis mil catrocentos dez (16.410) euros con cargo á aplicación orzamentaria 24/231.2313.480.02. A determinación da cantidade anual prevista para a execución das actuacións previstas no convenio, así como a autorización do gasto formalizarase a través da correspondente addenda.

3. Diseñar a imaxe.

4. Facilitar os medios materiais.

5. Elaborar as bases reguladoras do programa, levar a preselección do alumnado e darlle repercusión á programación dos Cursos de Español para a Preparación do DELE do nivel A2 dirixidos a persoas inmigrantes.

Quinta. Compatibilidade con outras axudas

As achegas económicas previstas neste convenio serán compatibles con outros ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de calquera organismo internacional.

O importe destas achegas en ningún caso poderá superar o custo da actuación obxecto deste convenio, xa sexa illadamente ou en concorrencia con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos.

Sexta. Comisión de Seguimento

Para o seguimento e o control do cumprimento deste convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constituirase unha comisión de seguimento, integrada por unha persoa representante designada por cada unha das partes, que poderá contar coa asistencia do persoal técnico que cada parte considere conveniente.

Entre as súas funcións estarán:



- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio e propoñer as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer, en caso de dúbida, a interpretación do seu contido.
- Propoñerlles ás partes a súa resolución na aplicación do convenio se xurdisen controversias.

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres (3) días, contados desde a petición expresa de calquera das partes.

Sétima. Relacións laborais

Os acordos que se reflicten neste convenio e os específicos que, no seu caso, se asinen terán carácter administrativo e deles non derivarán, en ningún caso, dereitos ou obrigas de carácter laboral.

Oitava. Difusión da colaboración

A UVigo comprométese a difundir a colaboración da Deputación e a destacar en lugares ben visibles o seu financiamento mediante: carteis, *rollers*, folletos, carpetas, actividades, publicacións e comunicacións en prensa, radio, televisión, internet, vídeos ou videoconferencias, entre outros.

De acordo co establecido na Resolución presidencial do 3 de maio de 2017 (núm. de rexistro 2017008767) sobre a remisión ao Tribunal de Contas dos convenios que se formalicen coa Deputación e cos seus organismos dependentes, no artigo 53 da LRXSP e na normativa de desenvolvemento (Instrución do Tribunal de Contas, Resolución do 2 de decembro de 2016), as entidades locais deben remitir anualmente, e por procedemento telemático, unha relación certificada comprensiva dos convenios formalizados pola entidade local e polas súas entidades dependentes no exercicio anterior, independentemente do seu importe e antes de que conclúa o mes de febreiro do exercicio seguinte ao que se refira.



Ademais, deberán comunicarse as incidencias que sucedan durante a súa execución (modificacións, prórrogas, variacións de prazos etc.) no prazo de tres (3) meses desde a data na que se produzan.

Para tales efectos, co obxectivo de contribuír aos principios de publicidade e transparencia, este convenio publicarase nas páxinas web das entidades asinantes.

Novena. Vixencia do convenio

Este convenio terá unha vixencia de catro (4) anos desde a súa sinatura, condicionado á existencia de consignación orzamentaria anual por parte da Deputación para realizar a actividade, así como a tramitación da correspondente addenda segundo o previsto na cláusula cuarta do convenio.

Este convenio poderá prorrogarse de forma expresa a través da correspondente addenda, por períodos anuais, bianuais ou superiores, ata un máximo de catro (4) anos conforme ao disposto no artigo 49.h) da LRXSP.

A tramitación, subscrición e efectos da prórroga que no seu caso se acorde efectuarase de acordo co previsto pola LRXSP e polo resto da normativa aplicable.

Décima. Resolución

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1. O transcurso do prazo máximo de vixencia.
2. O acordo das partes asinantes despois dunha xuntanza da Comisión de Seguimento.
3. O incumprimento das obrigas e dos compromisos asumidos por parte dalgunha das entidades asinantes. Neste caso, enviaráselle á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo de dez (10) días hábiles, cumpra coas obrigas ou cos compromisos que se consideren non resoltos. Isto comunicaráselle tamén á persoa responsable da Comisión de Seguimento.

Se, transcorrido o prazo indicado no requirimento, persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificaralle á outra a concorrencia da causa de resolución e entenderase o convenio como resolto, o que poderá dar lugar á indemnización polos prexuízos causados.

4. Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
5. Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décimo primeira. Protección de datos de carácter persoal

As partes manifestan e comprométese a darlles un uso adecuado aos datos de carácter persoal que sexan obxecto de tratamento como consecuencia do desenvolvemento deste convenio, no marco do disposto pola normativa europea en materia de protección de datos de carácter persoal, integrado polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos, RXPDP), pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e polas demais normas de desenvolvemento que resulten aplicables.

Na execución deste convenio, as partes declaran que asumen a condición de responsables do tratamento independentes, xa que cada unha, no seu propio ámbito de actuación, determina os medios e os fins do tratamento de datos necesario, e que non se dan as condicións para ser consideradas corresponsables do tratamento ao abeiro do previsto no RXPDP. En consecuencia, cada unha das partes asinantes responderá individualmente, fronte ás persoas afectadas e ás autoridades de control competentes, do incumprimento das súas obrigas correspondentes en materia de protección de datos persoais, así como das infraccións en que incorresen.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante unha comunicación ao enderezo social da parte responsable do tratamento que corresponda, así como, de existir, a través dun correo electrónico ás respectivas persoas delegadas de protección de datos.

As persoas interesadas poderán obter información sobre o procedemento que se debe seguir nas respectivas políticas de protección de datos publicadas nos seus espazos web. No caso da Deputación de Pontevedra, en <https://depo.gal/proteccion-de->



[datos/exercicio-de-dereitos](#); e no da UVigo, en <https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/proteccion-datos->

En todo caso, se unha solicitude de exercicio de dereitos se lle presentase á parte que non fose a competente para a súa tramitación e resolución, esta daralle traslado á competente coa maior brevidade posible, e informará a persoa interesada disto.

Se a correcta execución dalgunha das prestacións deste convenio requirise a cesión de datos persoais dunha das partes á outra, a primeira terá a súa base de lexitimación, cando menos, no cumprimento deste convenio, de conformidade co establecido no artigo 6.1 b) do RXPd, sempre e cando se limite aos mínimos imprescindibles para acadar o fin perseguido. En todo caso, a entidade cesionaria adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso das súas e dos seus empregados aos datos persoais cedidos durante a vixencia deste convenio.

Sen prexuízo do anterior, os datos persoais que figuran neste convenio relativos ás persoas asinantes serán e/ou poderán ser obxecto daquelas actuacións que se deriven da aplicación e do cumprimento da normativa estatal e autonómica de transparencia e acceso á información pública aplicable a ambas as partes.

Décimo segunda. Normativa aplicable e xurisdición competente

Este acordo ten natureza administrativa e rexerese polas súas cláusulas; polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local; polas Bases de execución do Orzamento provincial; pola LRXSP; polas restantes normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento, as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puidesen suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

Estando as partes conformes co sentido deste documento, asínanos no lugar e na data indicados no encabezamento.

